

Enrédate nos nosos Museos
Coñécesnos?

Programa de Actividades Escolares
2017/2018


museo fortaleza
san paio de narla
REDE MUSEÍSTICA




museo provincial
de lugo
REDE MUSEÍSTICA



museo pazo
de tor
REDE MUSEÍSTICA



DEPUTACIÓN DE LUGO



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

**museo fortaleza
san paio de narla**
REDE MUSEÍSTICA



**Programa de Actividades Escolares
2017/2018**

A Rede Museística Provincial, dependente da Deputación de Lugo, e a través dos departamentos de didáctica dos catro museos que a integran (Museo Provincial de Lugo, Museo Fortaleza San Paio de Narla, Museo Provincial do Mar e Museo Pazo de Tor) pon a disposición dos centros escolares a súa nova programación para o curso escolar 2017/2018 coa idea de fomentar o achegamento do alumnado ao patrimonio conservado nos nosos museos.

Coa nosa longa experiencia e o apoio de numerosos docentes que participaron nestas actividades en precedentes cursos procuramos tender pontes de colaboración entre diferentes espazos educativos, presentando actividades lúdicas pero rigorosas con contidos que entroncan coas programacións escolares.

Para concertar a realización de calquera das actividades que presentamos deberase contactar co departamento de Didáctica deste Museo.

Ao longo do curso ofrécese a posibilidade de solicitar dous tipos de visitas: guiada e con actividade.



Museo Fortaleza San Paio de Narla (Actividades)

• Visita de iniciación

Comprende un percorrido por todo o castelo, recomendase para os grupos que visitan o Museo por primeira vez, independentemente do seu nivel educativo. Duración aproximada de 60 minutos.

Nivel: Todos os ciclos

Obxectivo: Comprender que as sociedades actuais están condicionadas polo seu pasado histórico. Recoñecer as ferramentas e analizar a súa evolución e continuidade, así como a necesidade de conservalas para outras xeracións.

• O Castelo encantado

Nivel: 1º e 2º ciclo de Primaria

Obxectivo: Identificar as distintas clases sociais; servos, señorío e cabaleiros mirando os recursos que nos ofrecen as diferentes salas do museo.

• O Porvir do pasado

San Paio de Narla é un museo axente para o coñecemento da vida pasada dos nosos devanceiros, museos que deben ser, e son, activos na educación das novas xeracións.


Nivel: ESO e BAC

Obxectivo: Estudar o paso do tempo no que se desenvolve o señorío de San Paio de Narla, así como as distintas salas, a través da Lenda da Cova da Serpe. Comprender que as sociedades actuais están condicionadas polo seu pasado histórico, recoñecer as ferramentas e analizar a súa evolución e continuidade, así como a necesidade de conservalas para outras xeracións..

• Un Museo en Lendas

Nivel: 3º Ciclo de Primaria, ESO e BAC

Obxectivo: Coñecer a literatura e a mitoloxía popular do concello de Friol a través da comunicación cos nosos maiores



Museo Fortaleza San Paio de Narla (Actividades)

• Ara que te ararás, a túa terra cultivarás

Nivel: 4º, 5º e 6º Primaria

Obxectivo: Identificar e coñecer os apeiros de labranza presentes no noso museo, para logo traballar co arado e identificar as diferentes partes.

• Na Lareira

Nivel: Ed. Infantil, 1º e 2º de Primaria

Obxectivo: Visitar a cociña para que o alumnado descubra a transformación que esta dependencia sufriu ao longo do tempo. Compararemos as vellas cociñas e as comidas que nelas se facían coas actuais.

• Pescudas de detectives en San Paio


Nivel: 5º e 6º de Primaria e 1º da ESO

Obxectivo: Trátase de que os nenos e nenas se metan, momentaneamente, na pel dun detective. Pero dun detective peculiar, porque o seu campo de acción será o Museo de San Paio, e terán que ir superando unha serie de pistas para acadar a meta final. Unha dasas pistas consistirá en localizar cunha lupa cal é a peza máis antiga da lareira, etc. Finalmente, chegarán ao último piso da torre e, se fixeron ben as súas tarefas, adiviñaran cal é o truco para abrir un cofre con sorpresas.

• Unha firma medieval: un signo lapidario

Nivel: 6º de primaria, 1º ESO e 2º ESO

Obxectivo: Con esta unidade didáctica búscase afondar noutra realidade de San Paio de Narla, pouco coñecida e, por tanto, pouco difundida. Trátase de traballar coa temática dos signos lapidarios que se atopan diseminados por toda a fortaleza medieval e con reminiscencias renacentistas. Pretendese que os nenos e nenas comprendan a transcendencia destes signos que non eran meros garabatos na parede, senón que tiñan unha explicación e razón de ser. Deste xeito, a unidade didáctica contempla ser realizada en dúas fases: unha teórica e outra práctica.



Museo Fortaleza San Paio de Narla (Actividades)

• Ollando a cultura-prismásticos

Nivel: Primaria

Obxectivo: Analizar a funcionalidade dunha peza que cobra vida fora de exposicións. Aprender a afondar nos diferentes tipos de visión. Teorizar entre o que o ollo ve, percibe e descobre. an unha explicación e razón de ser. Deste xeito, a unidade didáctica contempla ser realizada en dúas fases: unha teórica e outra práctica.

• Na Procura do Acibeche

Nivel: Primaria

Obxectivo: Aprender o que era o acibeche, que se facía con el... e farase un collar con macarróns imitando aos "colares de abadesa" que eran de acibeche. Co cal obsequiarán as súas nais.

• O bestiario medieval

Nivel: ESO

Obxectivo: A intención desta actividade é que os nenos e nenas descubran o importante poder da creatividade e da imaxinación. Para iso tomamos como marco referencial e cronolóxico a Idade Media, un período de escurantismo do que descoñecemos moitas realidades. A influencia da Igrexa tendía a plasmar imaxes demoníacas para atemorizar e creaba fantásticos códices, como o de Liébana, que supoñan un auténtico desfile de animais quiméricos: sereas, grifóns, dragóns, basiliscos...

Tras ensinarlle unha serie de diapositives explicativas, cada neno ou nena escollerá o animal químérico que máis lle guste, e fará sobre pergameo o seu particular e propio códice. Tamén se lles ensinara a importancia dos códices miniados e a facer fermosas letras capitais.



Museo Fortaleza San Paio de Narla (Actividades)

- **Os xogares en San Paio de Narla**

Nivel: ESO

Obxectivo: Trátase de que os nenos e nenas elaboren un xornal alusivo ás novas que puideron acontecer na Fortaleza de San Paio de Narla en época medieval, como o horrendo crime perpetrado por Vasco das Seixas a Catalina de Andrade. Deste xeito trataríase a violencia de xénero e pode adaptarse ás seccións dun xornal actual, por exemplo na sección de deportes mencionar quen gañou o torneo de xustas a cabalo, etc. Finalmente, coa axuda do computador, posiblemente empregando o publisher, farase un pequeno cartaz exemplificando a portada dun xornal.

- **A tradición dos contos de cego**

Nivel: ESO

Obxectivo: Tomando como fío condutor o romance de Don Gaiferos, traballarase a oralidade recitando un poema que eles e elles mesmos escribirían sobre un pergamo que deberán elaborar coas súas mans. Acto seguido, recitarán o seu poema, ben de invención propia ou parafraseado.

- **Rebelión na corte de San Paio: a revolta dos vasalos (obra teatral)**

Nivel: ESO

Obxectivo: Mediante a representación dunha pequena peza teatral, de nova creación, analizarase o rol e a función de cada persoa na corte, traballando o tema do conflito en escena.

- **O sistema defensivo dos castelos medievais**

Nivel: ESO

Obxectivo: Traballando un quebracabezas con pezas que conformen un castelo, analizarase o sistema defensivo dun castelo, como o de Pambre ou o de San Paio.



Museo Fortaleza San Paio de Narla (Actividades)

• A iconografía nos ríos galegos: río Narla

Nivel: ESO

Obxectivo: Analizaremos a fauna e flora dos ríos galegos, así como a súa mitoloxía que compararemos coa grecorromana, tan florecente e rica en simboloxía e imaxes.

• Crea o teu museo

Metodoloxía: Fago o meu museo, facemos o noso museo, creamos una rede. Os museos son relatores de historias. Desde a Rede Museística invitámosvos a que creedes o voso propio museo a partir dun diálogo aberto coas nosas coleccións e cos profesionais que traballan neste espazo. Se queres saber como, pregúntanos!

Nivel: Infantil e 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.

• Tic, tac, o paso do tempo en San Paio de Narla

Nivel: 5º e 6º de Educación Primaria

Obxectivo: Dar a coñecer as distintas formas de controlar o tempo mediante os distintos tipos de reloxos existentes ao longo da historia.

• Ferro e aceiro, defender San Paio

Nivel: 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Primaria

Obxectivo: Identificar as diferentes formas de defensa persoal na Idade Media.

• A historia da sella, Xela cantareira

Nivel: 5º e 6º de Educación Primaria

Obxectivo: Coñecer a historia da muller campesiña e recoñecer as súas tarefas na época medieval.



Museo Fortaleza San Paio de Narla (Actividades)

Departamento de Didáctica do Museo Fortaleza San Paio de Narla
(34) 982 375 156
sanpaiodenarla@museolugo.org
<http://redemuseisticalug.org>



DEPUTACIÓN DE LUGO



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO